

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2009.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día 12 de xaneiro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES DE DATA 10-11-2008 E 23-12-2008.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular os borradores das actas plenarias de 10 de novembro e , 23 de decembro de 2008.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-los

borradores das actas plenarias devanditas.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, CONDENANDO O ATAQUE DE ISRAEL CONTRA A FRANXA DE GAZA, EN PALESTINA.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura íntegra, e explícase brevemente o contido da moción do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde Presidente, manifestase que por suposto o seu Grupo condena calquera clase de violencia, veña de quen veña, pero considera que non é axeitado solicita-la suspensión de relacións diplomáticas co estado de Israel, porque son precisamente as xestións diplomáticas as que deben conseguir a finalización do conflito.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo vaise abster por non ter tempo de estudar cun mínimo rigor, o contido desta moción, pero deixando absolutamente claro que dita abstención, en ningún caso supón indiferencia ante o drama que se está a vivir na franxa de Gaza, manifestando igualmente que o seu Grupo rexeita todo tipo de violencia.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que en principio está de acordo co contido da moción, agás coa petición reflectida no apartado 3 da mesma, no que se solicita a suspensión de relacións diplomáticas e económicas co estado de Israel, xa que dita medida pecharía unha das vías máis importantes para conseguir o “alto el fuego”.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que a suspensión de relacións diplomáticas e económicas é unha medida que xa se tomou noutras ocasións por motivos menos graves que os terribles sucesos que se están a producir en Gaza, non obstante, o Sr. Fernández Bouza manifesta que a prol de obter un pronunciamento unánime da Corporación Municipal de Xove, non ten inconveniente en modificar o teor literal do punto terceiro, de xeito que quedaría coa redacción literal seguinte:

“3.- Remitir cadanseu escrito de condena ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno Español, Ministerio de Asuntos Exteriores e Embaixada de Israel, coa petición de que o Estado Español realice tódalas xestións diplomáticas que sexan necesarias, ata que se poña fin o conflito da Franxa de Gaza en Palestina.”

Rematado o debate, a corporación por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe, coa modificación de referencia, e que a seguir se transcribe integramente:

“MOCIÓN DE CONDENA DO ATAQUE ISRAELÍ CONTRA A FRANXA DE GAZA, EN PALESTINA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días o exército de Israel ten bombardeado e invadida a franxa de Gaza, en Palestina, provocando centos de vítimas, maioritariamente nenos, nenas e mulleres, sen contar os centos de feridos e feridas de carácter grave.

Este ataque é un crime de guerra que aparece como colofón de máis dun ano de bloqueo do Estado de Israel contra o pobo de Gaza, que xa provocara unha grave crise humanitaria, e as súas vítimas súmanse aos máis de 5.000 palestinos mortos desde setembro do ano 2000, en que empezou a rebelión contra o Estado israelí na coñecida como Segunda Intifada, e onde tamén morreron máis de 900 nenos e nenas.

Queremos manifestar a nosa solidariedade co pobo de Palestina, facer un chamamento a que se deteña inmediatamente a agresión contra Gaza, instando ao Estado español e comunidade internacional a condenar os ataques, impondo ao Estado de Israel condenas diplomáticas e comerciais, e consecuentemente adoptar polo Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

1. Rexeitar os bombardeos e invasión levados a cabo polo exército de Israel, que evidencian o colofón da blocaxe perpetrada polo Estado israelí contra o pobo de Gaza, en Palestina, constituíndo un crime de guerra.

2. Transmitir a solidariedade e apoio á representación do pobo de Palestina en Galiza.

3.- Remitir cadanseu escrito de condena ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno Español, Ministerio de Asuntos Exteriores e Embaixada de Israel, coa petición de que o Estado Español realice tódalas xestións diplomáticas que sexan necesarias, ata que se poña fin o conflito da Franxa de Gaza en Palestina.

4. Solicitar, así mesmo, que o Estado español inste oficialmente ao cumprimento das reiteradas resolucións da ONU relativas á retirada do Estado de Israel dos territorios ocupados; ao tempo

que se demanda, no marco das Nacións Unidas, o envío inmediato dunha misión de observación e interposición co fin de garantir a fin da blocaxe e da agresión militar. ”

2º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon nen rogos nen preguntas.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo